



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

APROBACIÓN DE PLAN ECONÓMICO FINANCIERO

O Pleno do Concello de Becerreá en sesión ordinaria celebrada con data 28 de maio de 2020, adoptou acordo de aprobación do Plan Económico Financeiro 2020-2021 ratificando a Resolución da Alcaldía de data 24 de abril de 2020. Expediente núm.: 284/2020, por incumprimento da regra do gasto na liquidación do orzamento do exercicio 2019.

En cumprimento do previsto nos artigos 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, a aprobación acordada sométese a información pública con finalidade exclusivamente informativa.

Así mesmo, a efectos exclusivamente informativos, unha copia do Plan económico financeiro acharase a disposición do público no Concello e na súa sede electrónica <https://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>.

Becerreá, 15 de xullo de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1547

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o art. 177 do mesmo, e no art. 20.3 en relación co art. 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o día 28 de maio de 2020, adoptou o acordo de aprobación definitiva ó non presentarse reclamacións contra o expediente de modificación de créditos nº4/2020 consistente en suplemento de crédito/credito extraordinario con aplicación de superávit orzamentario para IFS e gastos covid 19, ratificando a Resolución da Alcaldía de data 5 de maio de 2020. Expediente núm.: 443/2020.

Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2020, queda fixado segundo se detalla.

Capítulos ORZAMENTO 2020	Consignación antes deste expediente euros (partiendo de previsión inicial).	Aumento suplemento de crédito euros.	Consignación despois deste expediente euros
1.-Gtos. Personal	1.120.944,97	6.000,00	1.126.944,97
2.-Gtos. Bens	1.377.409,65	228.000,00	1.605.409,65
4.-Transf. Ctes.	37.906,00	0	37.906,00
6.-Inversións reais	321.877,06	115.810,55	437.687,61
7.- Transferencias de capital	0	0	0
Totais	2.858.137,68	345.823,73	3.207.948,23

Becerreá, 15 de xullo de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1548

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Dacordo co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o art. 177 do mesmo, e no art. 20.3 en relación co art. 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o día 28 de maio de 2020, adoptou o acordo de aprobación definitiva ó non presentarensen reclamacións contra o expediente de modificación de créditos nº5/2020 suplemento de crédito, ratificando a Resolución da Alcaldía de data 12 de maio de 2020. Expediente núm.: 473/2020.

Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2020, queda fixado segundo se detalla.

Capítulos ORZAMENTO 2020	Consignación antes deste expediente euros (con suplemento de crédito anterior).	Aumento suplemento de crédito euros.	Consignación despois deste expediente euros
1.-Gtos. Personal	1.126.944,97		1.126.944,97
2.-Gtos. Bens	1.605.409,65	15.000,00	1.620.409,65
4.-Transf. Ctes.	37.906,00		37.906,00
6.-Inversións reais	433.702,79		433.702,79
7.-Transferencias de capital	0		0
Totais	3.203.961,41	15.000,00	3.218.961,41

Becerreá, 15 de xullo de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1549

FOLOGOSO DO COUREL*Anuncio*

De conformidade cos artigos 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e artigo 20 do Real Decreto 500/1990, o Concello Pleno en sesión extraordinaria de data 27 de maio de 2020 aprobou inicialmente a modificación da base 12ª das bases de execución do orzamento, no referente ás bases reguladoras de subvencións, que resultou definitiva ao non terse presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público a base 12ª das bases de execución do orzamento de 2020, no referente ás bases reguladoras de subvencións, que queda redactada nos seguintes termos:

Base 12ª.- Concesión e pagamento de subvencións e outras transferencias.

(...)

2.De conformidade co artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establécense as seguintes bases reguladoras de subvencións:

(...)

BASES PLAN DE AXUDA Á REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO MUNICIPIO DE FOLGOSO DO COUREL COMO CONSECUCIÓN DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA CRISE OCACIONADA POR COVID-19**1.- OBXECTO DA BASES**

A situación xerada pola declaración do Estado de Alarma ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo coronavirus COVID 19, supuxo a adopción de medidas de actuación para o impulso da actividade económica no Municipio de Folgoso do Courel. Para conseguir a reactivación dos sectores económicos do noso municipio preténdese unha liña de axudas extraordinaria dotada con un orzamento de 25.000 euros, para actuacións no ámbito económico, mantemento da actividade económica e dos seus postos de traballo.

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión dunha liña de axudas para reducir o impacto dos danos económicos en negocios de empresarios/as e autónomos/as, ao terse visto afectados como consecuencia da declaración de estado de alarma para a xestión do COVID-19, ben por peche temporal ou por minoración ostensible da súa actividade.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras Administracións ou entes, públicos ou privados, rexionais, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre e cando o importe total das axudas que se perciba non supere as perdas económicas derivadas do COVID-19 e os gastos necesarios para adecuación de locais para a reapertura dos seus negocios.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas traballadoras por conta propia e as micropymes que reúnan os seguintes requisitos:

- Terse visto afectados como consecuencia da declaración do estado de alarma para a xestión do COVID-19, ben por peche temporal da actividade ou por minoración ostensible da súa actividade que supoña unha caída de máis do 75 % dos seus ingresos en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seus meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período da actividade.
- Que a actividade afectada polo peche temporal disposto polo estado de alarma, non se teña visto compensada por un incremento da facturación mediante un aumento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.
- Que teñan o seu domicilio fiscal da actividade no municipio de Folgoso do Courel e radique no mesmo o centro de traballo afectado.
- Que estean ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e non tributarias co Concello de Folgoso do Courel e con outras administracións.
- No caso de autónomos/as, estar afiliado como autónomo e coa alta en vigor na data da declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020)
- No resto dos beneficiarios, estar legalmente constituídos e inscritos nos rexistros correspondentes, así como os dados de alta no Réxime de Seguridade Social ou Mutualidade que corresponda, na data da declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020).

3º.- ACCIÓNS OBXECTO DE AXUDA

Consideraranse actuacións obxecto desta axuda as seguintes:

- As cotas relativas ao pago da cotización como traballador por conta propia no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais obrigatorias. Dito gasto non se considerará obxecto desta axuda cando teña sido subvencionado por outras administracións públicas.
- No caso de autónomos/as ou micro pymes, se ten un ou máis traballadores ao seu cargo, gastos aboados ao persoal adscrito con data 14 de marzo de 2020. Será requisito previo ao cese temporal da actividade o cumprimento das garantías, obrigas e procedementos regulados na lexislación laboral.
- No caso de cese de actividade que supoña unha caída de máis do 75% dos seus ingresos, deberá presentar a declaración e documentación requirida nestas bases.
- Gastos de arrendamento de locais de negocio, sempre e cando non sexan parte dunha vivenda familiar e non exista relación de parentesco ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade co/coa arrendador/a do local, nin sexa socio/a partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a.
- Gastos de mantemento de subministracións, maquinaria, instalacións e equipos adscritos directamente á actividade que se viña desenvolvendo.
- Equipamento informático, tecnolóxico e formación relacionada coas novas tecnoloxías.
- Asistencia experta externa para labores de desinfección dos equipos, instalacións e das persoas, así como, no seu caso adaptación dos locais esixidas pola normativa, exclusivamente en resposta á situación de continxencia.
- A consultoría ou asistencia experta externa vinculada ao desenvolvemento, definición e implantación de solucións de conectividade e incorporación do teletraballo, de plans de seguridade ou continxencias, de plans de RRHH de conciliación, de plans de xestión da produción e a loxística e outros plans vinculados á resposta inmediata da situación de referencia.
- Gastos correspondentes a primas de seguros da actividade
- Pagos vencidos a provedores da actividade.

4º.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E CONTÍA DAS AXUDAS

A contía total prevista para esta convocatoria é de 25.000 euros e aboarase con cargo ao Orzamento 2020, previas as modificacións orzamentarias precisas.

O importe máximo da axuda será de 1.000,00 €. A axuda deberá destinarse a paliar o impacto económico dos danos económicos resultantes do peche temporal de pequenos establecementos minoristas, de negocios por parte

de empresarios/as e autónomos/as, ao terse visto afectados como consecuencia da declaración do estado de alarma para a xestión do COVID-19, ben por peche temporal ou por minoración ostensible de a lo menos o 75% da súa actividade, para todos aqueles solicitantes que cumpran os requisitos para ser beneficiarios.

O procedemento de concesión destas axudas será o de concorrencia competitiva. As axudas que se concedan serán adxudicadas tendo en conta os principios de publicidade, igualdade, concorrencia e obxectividade na concesión.

A axuda concederáse á solicitudes que reúnan tódolos requisitos establecidos nestas bases, atendendo aos criterios que a continuación se relacionan e ata o esgotamento do financiamento dispoñible nesta convocatoria.

O persoal técnico do Concello de Folgoso do Courel estudiará e valorará as solicitudes presentadas e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos aportados, en virtude dos cales deba formularse a resolución.

Unha vez avaliadas as solicitudes que cumpran tódolos requisitos, e ordenadas segundo os criterios establecidos, e finalizado o prazo de presentación de solicitudes indicado nas Bases, procederáse á distribución do crédito previsto na convocatoria, de conformidade coas contías resultantes da aplicación do establecido no presente artigo e tendo en conta a contía máxima das axudas reguladas ata esgotar a dispoñibilidade orzamentaria.

A orde e importe da axuda adxudicarase tal e como se detalla a continuación:

Nº orde	Situación do establecemento segundo o RD463/2020 de 14 de marzo	Nº traballadores (incluído el/los promotor/es)	Importe da axuda
1	Cese temporal da actividade	1 traballador	800,00 €
2	75% ou máis redución da facturación	1 traballador	600,00 €
3	Cese temporal da actividade	2 ou máis traballadores	1.000,00 €
4	75% ou máis redución da facturación	2 ou máis traballadores	750,00 €

Todos os solicitantes destas axudas que presentaran en prazo a súa solicitude e cumpridos os requisitos establecidos nestas bases, que non teñan sido obxecto de concesión da axuda por terse esgotado o crédito inicial asignado, quedarán en reserva á espera dunha posible ampliación do orzamento destinado a esta convocatoria.

Os criterios das bases para o desempate son os seguintes:

1. Solicitantes con discapacidade igual ou superior ao 33%.
2. Mulleres.
3. Prelación temporal entres solicitudes.

Aos efectos de determinar a prelación temporal entres solicitudes se considerará por esta orde, data e hora de presentación da solicitude. No caso de non estar completa, considerarase a mesma orde, unha vez completada tras o requirimento efectuado polo Concello.

5º.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A documentación que se presentará será a seguinte:

A) No caso de persoa física:

- DNI/NIE do solicitante
- Solicitude da axuda asinada pola persoa interesada ou representante do solicitante segundo modelo establecido.
- No caso de que a solicitude a realice un representante deberá presentar autorización de representación.
- Certificado actualizado de situación censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso do local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.
- En caso de ter traballadores ao seu cargo, Informe de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesourería da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores.
- Naqueles casos nos que non se viron afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo e teñan sufrido unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude da axuda de a lo menos o 75% en relación coa media efectuada no semestre

natural anterior á declaración do estado de alarma, deberán acreditar esta redución mediante a aportación da información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) ata a data de presentación da solicitude desta axuda:

- Copia do libro de rexistro de vendas e ingresos ou libro rexistro de ingresos. Cando a persoa física non estea obrigada a levar os libros que acreditan o volume da actividade, deberán acreditar a redución a lo menos do 75 % esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

- Cando a persoa física non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

a) Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33 %, no seu caso.

b) Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante do solicitante segundo modelo establecido.

B) No caso de persoas xurídicas, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

- Solicitude de axuda asinada pola persoa interesada ou representante do solicitante segundo modelo establecido.
- No caso de que a solicitude a realice un representante, deberá presentar autorización de representación.
- Certificado actualizado de situación censal de persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- Contrato de constitución debidamente rexistrado da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica.
- Escritura de constitución e estatutos actualizados inscritos no correspondente Rexistro.
- Poderes do representante legal.
- DNI/NIE do representante legal.
- En caso de ter traballadores ao seu cargo, Informe de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesourería da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores.
- Alta no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora.
- Naqueles casos nos que non se viron afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo e teñan sufrido unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude da axuda de a lo menos o 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, deberán acreditar esta redución mediante a aportación da información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) ata a data de presentación da solicitude desta axuda:

- Copia do libro de facturas emitidas

Cando a persoa xurídica non estea obrigada a levar os libros que acrediten o volume de actividade, deberán acreditar a redución a lo menos do 75% esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

Cando a persoa xurídica no leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

- Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% de calquera dos socios, no seu caso.
- Declaración responsable firmada pola persoa interesada ou representante da persoa ou entidade solicitante segundo modelo establecido.

6º.- OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS.

- Manter a actividade empresarial durante 6 meses, como mínimo a partir da resolución de concesión destas axudas.
- Igualmente, os beneficiarios das axudas deberán manter a plantilla media de traballadores que tiñan na data de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, durante, a lo menos, os seis meses seguintes á finalización do período de peche obrigatorio e/ou diminución da actividade.

- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos por obter a axuda falseando as condicións requiridas para elo, ou ocultando aquelas que o tiveran impedido, ou mostrar resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas na normativa de subvencións.
- Os beneficiarios destas axudas estarán obrigados a prestar colaboración, e facilitar cantas evidencias sexan requiridas no exercicio das funcións de control que leve a cabo o Concello de Folgoso do Courel.
- Os beneficiarios destas axudas, coa presentación da solicitude da axuda, autorizan expresamente ao Concello de Folgoso do Courel a solicitar e/ou facilitar información a outras administracións e empresas públicas co obxecto de realizar as labores de comprobación e control da mesma en calquera das súas fases.
- Os beneficiarios das presentes axudas estarán sometidos ás responsabilidades, infraccións e sancións reguladas na normativa de subvencións.

7º.- XUSTIFICACIÓN E PAGO DAS AXUDAS

A xustificación destas axudas e o cumprimento da súa finalidade consideraranse realizadas, mediante a presentación de toda a documentación esixida nestas bases, polo que unha vez resolta a concesión da axuda tramitarase o pago da mesma á persoa beneficiaria. Non entanto, no prazo dun mes desde a resolución da concesión da axuda, as persoas beneficiarias terán a obriga de presentar a documentación xustificativa do gasto realizado especificado no apartado 3º ao que destinaron a presente axuda e declaración responsable de que o mesmo non foi obxecto de ningunha outra subvención. Todo elo, sen perxuízo do previsto no artigo anterior en relación coas obrigas das persoas e entidades beneficiarias.

A forma de pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo solicitante na solicitude.

8º.- SEGUIMIENTO, INSPECCIÓN E CONTROL

O Concello de Folgoso do Courel poderá levar a cabo as actividades que considere oportunas para controlar o cumprimento das obrigas contidas nestas bases. Neste exercicio, as persoas beneficiarias deberán aportar canta información lles sexa requirida, no seu caso.

9º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO.

As solicitudes, que irán acompañadas da documentación e información requiridas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello. A presentación da solicitude de axuda fóra do prazo establecido será causa de inadmisión.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nas presentes bases, requirirase á persoa interesada para que o subsane nun prazo máximo e improrrogable de 3 días hábiles, indicándosele que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude.

Poderá presentarse unha única solicitude por EMPRESA ou persoa traballadora por conta propia. A solicitude deberá cumprimentarse na súa totalidade. Os datos non aportados, total ou parcialmente, non serán tidos en conta a efectos de valoración.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

10º.- DEBER DE INFORMACIÓN NO TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

De conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos, infórmase que os datos persoais facilitados polos solicitantes que participan neste proceso de solicitude de axudas, ou no seu caso, polos que resulten adxudicatarios serán tratados polo Concello de Folgoso do Courel. Estes datos son recollidos e tratados polo Concello de Folgoso do Courel, coa finalidade de xestionar o proceso de concesión de axudas e controlar o cumprimento das obrigas indicadas nas presentes bases e todo iso de conformidade coa normativa de contratación do sector público e outras leis administrativas.

A recollida e tratamento destes datos é lícita en base á necesidade de cumprir coas obrigas legais da normativa do sector público e, no seu caso, xestionar a concesión destas axudas, cando resulte adxudicatario. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán comunicados ao Tribunal de Contas e a outros órganos da Administración Estatal ou Autonómica con competencias na materia, así como a outras entidades ou terceiros sempre e cando se cumpran as esixencias establecidas na vixente lexislación de protección de datos. Os datos serán conservados durante os prazos establecidos nas normas do sector público e outras normas que poidan ser de aplicación.

11º.- RÉXIME XURÍDICO

A interpretación e aplicación da presente convocatoria realizarase conforme ás normas nacionais e comunitarias que resulten de aplicación ao obxecto destas axudas, expresamente:

- Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado de Axudas de Mínimes.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A lexislación básica do Estado reguladora da Administración Local (art.25 e 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e arts. 40, 189.2 e 214.2 da Lei reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo)

BASES REGULADORAS DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA OU URXENTE NECESIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no seu artigo 11.c, di que unha das funcións dos Servizos Sociais Comunitarios é a identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

O Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, contempla no seu artigo 9.d como Programa Básico de Servizos Sociais o "Programa de Inserción Social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social, personalizados ou de grupo, como prestacións económicas específicas. Inclúense nesta categoría os proxectos expresamente dirixidos ao desenvolvemento, promoción e integración da comunidade xitana e outras minorías étnicas".

Este mesmo Decreto 99/2012 tamén di no artigo 23.b que os servizos sociais comunitarios participarán, de acordo coa normativa de aplicación, no procedemento de asignación das prestacións económicas de inclusión social referidas no número 1 do artigo 18 da Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral. De maneira particular analizarán o perfil sociolaboral de cada caso e expedirán os informes e propostas de derivación e idoneidade do recurso que se establezan no procedemento.

Considérase preciso regular unha serie de axudas económicas para paliar situacións carenciais e urxentes que complementarán as das outras administracións públicas, tamén competentes nesta materia, tentando con elo mellorar a inmediatez nas respostas das necesidades presentadas e a adaptación eficaz ante as novas demandas dunha problemática social cada vez mais cambiante.

A proximidade da administración local coa cidadanía obriga aos Servizos Sociais Comunitarios a detectar estes cambios para cubrir as necesidades básicas existentes e previr riscos de exclusión social.

O Concello de Folgoso considera preciso a elaboración destas bases para regular as axudas que a continuación se definen, especialmente nun momento como o actual de crise sanitaria, económica e social.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto destas bases é o regulamento dun conxunto de prestacións económicas dirixidas a paliar situacións carenciais graves que afecten ás necesidades básicas e/ou extraordinarias das persoas residentes e empadroadas no Concello de Folgoso do Courel

Artigo 2.- Definición

1.- As axudas de emerxencia municipal son prestacións non periódicas, de natureza económica, destinadas a aquelas persoas, integradas nunha unidade de convivencia cuxos recursos resultan insuficientes para facer fronte aos gastos específicos, de carácter ordinario ou extraordinario, necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de exclusión social.

Artigo 3.- Características.

1. Estas axudas teñen carácter finalista polo que se destinarán exclusivamente á finalidade para a que foron concedidas.
2. Teñen a consideración de subvención directa.
3. Son transitorias e non periódicas.

4. A concesión anual destas prestacións está suxeita á existencia de crédito orzamentario municipal destinado a este fin.

5. Terán ademais un límite de crédito anual por persoa ou unidade de convivencia solicitante.

Artigo 4.- Persoas beneficiarias.

1. Terán a consideración de persoas beneficiarias aquelas persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de precariedade económica tal que dificulte ou imposibilite a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas que cómpre cubrir de xeito urxente e/ou en todo caso no menor tempo posible.

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e que manteñan lazos vinculantes de relación familiar. Non poderán ser beneficiarias de ningunha das prestacións aquí reguladas dúas persoas da mesma unidade de convivencia ao longo do mesmo exercicio económico.

3. No caso de que convivan mais dunha unidade de convivencia no mesmo fogar será o/a traballador/a social de referencia quen estableza no seu informe social que persoas, das empadroadas ou residentes no domicilio, teñen a consideración de unidade de convivencia independente.

4. Non poderán ser beneficiarios destas axudas unha persoa individual nin, no seu caso, calquera dos membros da súa unidade convivencial cando:

a) Foran propietarios ou usufrutuarios de bens mobles ou inmobles con características, valoración, posibilidade de venda ou calquera outro xeito de explotación que indiquen, de xeito notorio e fundamentado no informe social do/a traballador/a social, a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto de cobertura desta ordenanza. O informe social tras o análise dos signos externos expostos nos parágrafos anteriores, terá presunción de certeza salvo proba en contrario, e nel constarán de xeito detallado as consideracións nas que se fundamenta a súa valoración. Queda excluída do establecido no parágrafo anterior, a vivenda habitual que constitúa o fogar de convivencia e non teña carácter suntuario.

b) As persoas que teñan familiares obrigados a prestar alimentos, en virtude do previsto no Título VI do Libro I do Código Civil: conxugue, pais, fillos/as por consanguinidade ou uterinos e irmáns.

Non obstante, considérase que non teñen obriga de prestar alimentos:

a) Os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poidan facer fronte ou atender ás necesidades da unidade familiar solicitante sen desatender as súas propias ou as dos familiares ao seu cargo.

b) Cando non exista relación cos mesmos ou de existir que está sexa conflictiva.

Artigo 5.- Requisitos xerais.

Os requisitos xerais para ter dereito ás axudas establecidas nesta ordenanza son os seguintes:

1. Ter residencia efectiva e estar de alta no Padrón municipal do Concello de Folgoso do Courel cunha antigüidade mínima de tres meses.

Exceptúanse da obriga de antigüidade no empadramento os seguintes casos:

a) As vítimas de violencia doméstica ou de xénero con esta situación debidamente acreditada que muden o seu domicilio por esta razón.

b) Persoas en situación de necesidade extrema sobrevida con valoración e informe social do/a traballador/a social dos Servizos Sociais municipais.

c) Persoas estranxeiras refuxiados ou con solicitude de asilo en trámite, sempre que teñan autorizada a súa estancia por razóns humanitarias e que cumpran o resto dos requisitos para solicitar estas axudas.

2. Acreditar a situación de necesidade mediante a presentación da documentación que se sinala no artigo 18 desta ordenanza ou a que sexa considerada necesaria polos Servizos Sociais municipais.

3. Como regra xeral, para acceder a concesión destas axudas os ingresos non poderán superar os límites establecidos na seguinte táboa:

UNIDADE FAMILIAR	LIMITE DE INGRESOS
1	Ate o 75% do IPREM
1º convivente adicional	O 14 % do IPREM
2º convivente adicional	O 12 % do IPREM
3º ou sucesivos/as conviventes adicionais	O 10 % do IPREM

Excepcionalmente, e coa valoración favorable do/a traballador/a social, en caso de especial vulnerabilidade social poderase conceder a axuda aínda superando o límite económico establecido.

4. Todos os membros da unidade de convivencia que se atopen en idade legal de traballar, deben estar inscritos como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, excepto aqueles que acrediten estar matriculados nun centro educativo regulamentado.

5. No caso de ser valorado polo/a traballador/a social a persoa beneficiaria e os integrantes da unidade familiar asinarán un proxecto de intervención familiar co fin de evitar a exclusión social favorecendo a inserción socio-laboral.

6. Queda exceptuado como requisito establecido pola Lei xeral de subvencións 38/2003 e pola Lei de subvencións de Galicia 9/2007 a acreditación polo suxeito proposto como beneficiario de estar ao corrente da súas obrigacións tributarias e fronte a Seguridade social.

Artigo 6.-Determinación de ingresos.

1) Para a determinación dos ingresos da persoa e ou da unidade de convivencia, terase en conta o seguinte:

- a. Ingresos de traballo por conta allea: salarios, pensións, subsidios de carácter periódico.
- b. Ingresos de traballo por conta propia .
- c. Ingresos procedentes de capital mobiliario e inmobiliario (valores mobiliarios e activos financeiros en xeral, tanto de renda variable como fixa, así como os obtidos pola titularidade de todo tipo de contas en institucións financeiras.

No capital inmobiliario computáranse particularmente os rendementos obtidos por alugamentos, traspasos ou cesións, tanto de bens rústicos como urbanos.

d. Outros ingresos que puideran existir non incluídos nos apartados anteriores.

2) Son gastos deducibles:

a. Os gastos realizados con ocasión de enfermidade grave sempre que se xustifique que foron aboados por membros da unidade de convivencia e non foron nin serán reembolsados posteriormente por parte de entidades públicas ou mutualidades. Deduciranse na súa totalidade do cómputo xeral.

Artigo 7.- Criterios de prioridade na concesión.

Logo da comprobación da súa manifesta necesidade, e en igualdade de condicións fronte a situacións de escaseza de crédito orzamentario, utilizaranse os seguintes criterios na priorización da concesión:

1. As familias con menores ou persoas con discapacidade e /ou dependencia recoñecida ao seu cargo terán prioridade.
2. As situacións sociofamiliares nas que a concesión da prestación solicitada resolva definitivamente a necesidade presentada, sempre que non exista outra axuda pública que poda acadar o mesmo resultado.

Artigo 8.- Importe máximo das axudas.

En ningún caso a cantidade percibida nun ano pola unidade familiar beneficiaria das axudas comprendidas neste regulamento, poderá superar na súa totalidade en dúas veces o IPREM mensual vixente.

CAPÍTULO II

TIPOS DE NECESIDADES E CONTIAS DAS AXUDAS.

Artigo 9.- Tipos de necesidades.

Os tipos de necesidades ás que se poderán destinar as axudas previstas, así como os criterios a ter en conta para determinar a contía da axuda económica a conceder que, en ningún caso superará o límite que establece o artigo 8 deste regulamento, son as seguintes:

1. Gastos derivados das necesidades básicas da vivenda habitual, tales como: alugamento, hipoteca ou recibos de subministración, ou reparacións básicas urxentes da vivenda .
2. Gastos de aloxamento alternativo temporal
3. Gastos de alimentación
4. Gastos de menciñas e outros produtos de carácter sanitario que non teñan cubertos polo Sistema Público de Saúde
5. Calquera outro gasto que non estando recollido nos apartados anteriores que o/a traballador/a social considere, motivándoo no seu informe, que resulta imprescindible para a atención inmediata dunha situación carencial urxente de cara a cubrir e garantir uns mínimos de subsistencia persoal, ou ben necesaria para o éxito do proxecto.

Artigo 10.- Axudas para necesidades básicas da vivenda.

Enténdese por necesidades básicas da vivenda, o mantemento da vivenda habitual, que comprende axudas para o pago de alugamento, pagamento de fianza ou primeira mensualidade, hipoteca e os recibos de subministración de auga, luz, gas así como reparacións urxentes da vivenda que impidan a habitabilidade da mesma ou adaptación funcional do fogar. A persoa solicitante dunha axuda para reparacións urxentes da vivenda que impidan a habitabilidade da mesma ten que ser propietario da vivenda para a que solicita a axuda. Neste concepto inclúiranse

unicamente as necesidades de adaptación mínima que afecten á estrutura da vivenda, así como á instalación de servizos hixiénicos sanitarios, ou adaptacións funcionais do fogar debidamente acreditadas a súa necesidade e urxencia.

Artigo 11.- Gastos de aloxamento alternativo temporal

Cobertura de gastos de aloxamento temporal ante emerxencias ou sinistros como incendios, desafiuzamentos, ruína ou por situacións de problemática convivencial, de saúde ou de risco social.

Artigo 12.- Gastos de alimentación, hixiene persoal e do fogar e vestido.

Cobertura de alimentación, vestido, hixiene persoal e do fogar e enxoval de primeira necesidade.

Artigo 13 - Gastos de menciñas e outros produtos de carácter sanitario que non teñan cubertos polo Sistema Público de Saúde.

Nos casos de medicación, as familias que teñan en trámite a tarxeta sanitaria ou carezan dela poderá aboárselles a totalidade do importe da receita ata que se solucione a situación. Os gastos a cubrir terán que ser debidamente xustificandos e motivados por informes profesionais.

CAPÍTULO III

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 16- Solicitud

1. O procedemento iniciárase, en todo caso, por solicitude da persoa interesada.
2. A solicitude, dirixida ao/á alcalde/sa - presidente/a da Corporación, formularase en modelo normalizado e deberá presentarse no Rexistro xeral do Concello, ou conforme ao disposto no art.16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
3. Poderán realizar esta solicitude as persoas físicas que reúnan os requisitos xerais contemplados no Capítulo I destas bases.
4. A solicitude, debidamente cumprimentada, deberá ser asinada pola persoa solicitante ou, no seu caso, polo seu representante legal ou gardador de feito.
5. Xunto coa solicitude achegarse a documentación acreditativa á que se fai referencia no artigo seguinte que acredite os requisitos específicos de cada unha das axudas contempladas neste regulamento e aporte datos suficientes para a valoración da situación socioeconómica da unidade de convivencia.
6. A persoa interesada asinará autorización e consentimento para obter os documentos que obren na Administración, así coma a información adicional que se considere necesaria para completar o expediente, dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través dos medios previstos na Lei 39/2015.

Artigo 17- Documentación.

Documentación acreditativa dos requisitos a aportar pola persoa solicitante xunto a solicitude

1. DNI, permiso de residencia ou pasaporte da persoa solicitante e, no seu caso, de todos os membros da unidade familiar.
2. Certificado de convivencia.
3. Libro de Familia ou documento análogo, no suposto de non telo, que acredite o requisito esixido para optar á axuda que se solicite.
4. Declaración xurada da situación de familiares obrigados a prestar alimentos (pais, fillos e irmáns).
5. Documentación xustificativa da situación de emprego e económica de todos os membros en idade laboral.
6. Se están en situación de desemprego e non acreditan documentalmente unha situación das contempladas como excepción a este punto neste regulamento: Tarxeta de demanda de emprego
7. Certificado do Servizo Público de Emprego no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio de desemprego e a súa contía.
8. Se realizan algunha actividade laboral sen asegurar, deberá achegar unha declaración responsable dos ingresos que perciben mensualmente por esta actividade.
9. Se están ou estiveron en activo nos últimos seis meses, deberá presentar as nóminas xustificativas dos ingresos percibidos nese período.
10. Copia, se a teñen feita, da declaración do IRPF do último exercicio ou certificación negativa da Axencia Tributaria de non estaren obrigados a presentala das persoas que integran a unidade familiar.
11. Certificado expedido polo órgano competente da seguridade social que corresponda, sobre percepción ou non, de pensión e a súa contía.

12. Extracto de movementos de todas as contas bancarias das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar que inclúan os doce meses anteriores á formulación da solicitude.
13. Documentación acreditativa da titularidade de vehículos das persoas que integran a unidade familiar.
14. Certificado catastral telemático da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade familiar.
15. Certificación bancaria acreditativa dos depósitos en conta corrente ou de aforro que xustifiquen o rendemento de capital mobiliario que teñan de todas as contas bancarias das persoas que integran a unidade familiar.
16. Informe emitido polo/a facultativo/a do Servizo Galego de Saúde nos casos nos que se solicite unha axuda de inclusión social que teña que ver coa saúde da persoa solicitante ou coa persoa menor de idade ao seu cargo
17. Orzamento dos gastos para os que se solicita a axuda.

A documentación que este en poder do Concello se incorporará de oficio ó expediente.

Artigo .18- Resolución e mellora da solicitude:

1. Unha vez rexistrada a solicitude, o/a traballador/a social a procederá a revisar a documentación recibida. Se a solicitude non reúne todos os datos e documentos aludidos anteriormente, requirirase á persoa interesada para que, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, no prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fai, se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto, nos termos que se establecen no artigo 21 da precitada lei.
2. O órgano competente poderá recabar da persoa solicitante a modificación ou mellora voluntaria dos termos daquela.

Artigo 19- Instrución.

1. A instrución do expediente corresponderá ó/á traballador/a social responsable, que poderá recabar a documentación complementaria das persoas solicitantes así como a comprobación de datos ou aclaracións de dúbidas da documentación que obra no expediente, sempre que o considere oportuno para a correcta instrución do procedemento.
2. O expediente incorporará o informe social no que se recollan as circunstancias socio-familiares e económicas da unidade familiar, a situación de necesidade ou calquera outro dato que se considere de interese. O informe recollerá todos os extremos indicados, sen prexuízo de engadir aqueles extremos da valoración que a xuízo da informante se consideren pertinentes.
3. Unha vez que remate a tramitación do procedemento o/a traballador/a social formulará proposta de resolución que se elevará ao órgano competente para resolver.
4. En calquera momento do período temporal para a que foi concedida a axuda o órgano competente poderá proceder a revisión e modificación da concesión da mesma, despois da solicitude documental oportuna sempre que teña indicios de cambio na situación socio económica familiar que poida afectar a resolución emitida.

Artigo 20.-Causas de denegación ou extinción da axuda.

1. Son causas de denegación da solicitude de axuda:
 - a) Non reunir os requisitos esixidos nesta ordenanza.
 - b) Ter familiares obrigados a prestar alimentos, en virtude do previsto no Título I do Código Civil.
 - c) Non ter cumpridas outras obrigas derivadas de calquera programa ou prestación da Área de Benestar Social, con indicación expresa da mesma, tendo presunción de certeza o expresado polos técnicos sociais informantes no procedemento salvo proba en contrario.
 - d) Cese das causas que motivaron a solicitude.
 - e) Calquera outra que non estando recollida nos apartados anteriores o/a traballador/a social considere, motivándoo no seu informe.
2. Son causas de extinción da axuda:
 - a) Falecemento
 - b) Perda dalgún requisito
 - c) Cambio de residencia
 - d) Incumprimento de obrigas.
 - e) Ocultamento ou falseamento de datos

Artigo .21 Resolución e notificación.

1. O/A Alcalde/sa é o órgano competente para resolver sobre as solicitudes presentadas que, á vista dos informes e propostas emitidos, ditará resolución motivada, incluíndo os contidos do artigo 88 da Lei 39/2015.

2. A resolución conterá expresión concreta sobre á forma de pago e expresión de condicións a cumprir, no seu caso.

3. O prazo máximo para resolver e notificar á persoa interesada, será de tres meses, desde a data en que a solicitude se rexistrara de entrada no Concello. Non tendo ditada resolución expresa no prazo indicado, a solicitude entenderase desestimada.

Artigo -22- Procedemento abreviado.

Contemplanse a posibilidade dun procedemento administrativo abreviado para casos excepcionais que precisen unha resposta inmediata.

CAPÍTULO IV

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Artigo .- 23- Aboamento da axuda económica.

A Intervención municipal axilizará ao máximo os procedementos necesarios para o aboamento destas axudas de emerxencia. O /a traballador/a social dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello, con fundamento en casos particulares e debidamente razoados, poderá propoñer alternativas de pago que constarán no seu informe.

Como norma xeral, sempre que sexa posible, o Concello aboará directamente o pago das axudas ós provedores.

Artigo.- 24- Obrigas das persoas beneficiarias das axudas.

Constitúen obrigas das persoas beneficiarias destas axudas as seguintes:

1. Destinar as cantidades recibidas á finalidade para que foron solicitadas, debendo presentar, no seu caso, no prazo máximo de tres meses, xustificante ou factura de ter realizado o pago para o que fora concedida a axuda polo importe total da mesma.
